

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2022

— CONCLUSIÓN —



CONCLUSIÓN



EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

CERTIFICACIÓN:

Cristina Fabeiro Varela
Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais

CERTIFICA

Que no pleno extraordinario realizado o 02/11/2023 acordouse
tomar en consideración e publicar o Informe sobre a situación
sociolaboral de Galicia en 2022, elaborado por encargo do
Consello Galego de Relacións Laborais

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2023

CAPÍTULO 1 A ECONOMÍA GALEGA EN 2022

PRIMEIRA. En 2022 Galicia rexistrou un aumento do PIB (3,8%) menor que o experimentado a nivel nacional (5,5%). O PIB por habitante en Galicia en 2021 foi o 92,16% da media nacional.

SEGUNDA. Do PIB galego en 2020 (último dato desagregado dispoñible), a provincia da Coruña xerou un 43,0% e a de Pontevedra un 34,3%. Conxuntamente, as provincias de Lugo (11,7%) e Ourense (10,9%) representan menos da cuarta parte do PIB en Galicia (22,7%).

TERCEIRA. En 2022 un 30,5% dos fogares en Galicia non tiña capacidade económica para facer gastos imprevistos (5,0 puntos porcentuais menos ca media estatal) e un 7,3% tiveron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (2,7 puntos menos ca media estatal). Un 7,5% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (1,2 puntos porcentuais menos que a media estatal). Finalmente, os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia en 2022 (12.352 euros) estaban un 5,0% por baixo da media española.

CUARTA. O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2022 os 29.886 millóns de euros, mentres que as importacións foron de 27.083 millóns de euros. A diferenza foi de 2.802 millóns (en 2021 foi de 5.154 millóns de euros).

CAPÍTULO 2 ESTRUTURA EMPRESARIAL E POLÍTICA INDUSTRIAL

PRIMEIRA. En 2022 a comunidade galega rexistra 196.530 empresas, 1.873 máis que o ano precedente (un aumento do 1,0%). Galicia mantén un ano máis a quinta posición na participación empresarial, achegando un 5,7% das empresas españolas. En Galicia predomina con claridade o sector servizos (79,9%) fronte ao industrial (5,9%) ou o das empresas da construción (14,1%).

SEGUNDA. A evolución da taxa de variación anual do número de empresas rexistradas en Galicia e España (**GRÁFICO 2.2**) permite constatar que o tecido empresarial da comunidade galega racha en 2022 co proceso de desaceleración iniciado en 2015, comprobándose unha recuperación entre 2021 e 2022, aínda que por baixo da mellora experimentada a nivel nacional.

TERCEIRA. A distribución das empresas por sectores económicos sinala unha menor participación das empresas galegas no sector servizos, en conxunto. Obsérvase tamén que o peso relativo das empresas industriais, de construción e de comercio é lixeiramente superior na comunidade galega, fronte a unha menor participación das empresas encadradas no “resto de servizos”.

CUARTA. Confírmase a concentración da actividade empresarial nas provincias atlánticas A Coruña e Pontevedra, que achegan sete de cada dez empresas galegas.

QUINTA. Persiste a predominancia de empresas constituídas como persoa física fronte a outras fórmulas xurídicas (un 55,7%, das empresas galegas constituídas en 2022). Igualmente, no que se refire ás empresas rexistradas como persoa xurídica, refórzase o protagonismo das empresas rexistradas baixo a figura de responsabilidade limitada (76,5% das empresas inscritas como persoa xurídica).

CAPÍTULO 4 POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

PRIMEIRA. En 2023 a poboación en Galicia aumentou en 8.260 persoas, ata chegar aos 2.699.716 habitantes (2.691.456 persoas en 2022). En 2023 A Coruña e Pontevedra seguen a concentrar máis de dous millóns de habitantes (2.070.993), un 76,7% do total da poboación en Galicia. Se ben o devalar demográfico en Galicia é evidente, sobre todo nas provincias de Ourense e Lugo, cunha perda de poboación dende 2011 ata 2023 de 25.200 e 25.621 persoas, respectivamente, entre 2022 e 2023 Ourense gañou 835 habitantes e Lugo 74.

SEGUNDA. En 2022 o paro estimado pola EPA en Galicia acada en 2022 as 137.000 persoas. A poboación inactiva sitúase en 2022 en 1.102.000 persoas. A poboación ocupada creceu por riba da activa (1,7% e 1%, respectivamente) mentres que o descenso do paro foi do 4,5%.

TERCEIRA. A taxa de temporalidade foi en 2022 en Galicia dun 19,4% (24,5% en 2021). Polo tanto, a contratación indefinida en 2022 foi do 80,6% (75,5% en 2021). En 2022 os contratos a xornada completa en Galicia acadan os 765.300 (un aumento de 16.600 empregos respecto a 2021). A contratación a tempo parcial medrou en 2022 en 7.400 empregos.

CUARTA. Apréciase un maior rexistro de poboación parada no grupo con estudos secundarios con educación xeral, con 67.348 persoas desempregadas (47,4%), e estudos primarios completos, con 16.088 persoas desempregadas (11,3%). As porcentaxes para 2022 son moi similares ás de 2021.

QUINTA. A formación de demanda ou programada polas empresas experimentou un aumento no número de empresas formadoras e no número de participantes, horas de formación e crédito disposto, se o comparamos con 2021, os únicos descensos estiveron na duración media dos cursos, e nos permisos individuais de formación no grupo de mulleres. O número de mulleres (43,3%) participantes segue sendo inferior ao de homes (56,6%).

SEXTA. A distribución das horas de formación segundo o sector de actividade, tanto en España coma en Galicia, concéntranse maioritariamente no sector servizos, chegando ao 64,7% en Galicia e ao 72,6% no conxunto do Estado.

CAPITULO 5

MULLER E MERCADO LABORAL

PRIMEIRA. Mantense unha maior representación dos homes na contratación fronte ás mulleres (48,9% de mulleres en 2022), unida a un elevado uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (64,8% do total) e un menor concerto de contratos indefinidos, chegando en 2022 ao 48% mellorando respecto ao ano anterior.

Hai que destacar que seguen existindo modalidades contractuais eminentemente femininas como o de interinidade (67,4% do total), que o contrato para a formación e o de prácticas é inferior no grupo de mulleres. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen a maioría feminina.

SEGUNDA. Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas etc.), as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 18,6% inferior ao do home (lixeira melloría) e o 42,4% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao salario mínimo interprofesional, 29% no caso dos homes, tamén mellora lixeiramente.

TERCEIRA. O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 91,5% das recibidas polos homes, un 8,4% menos, empeorando con respecto ao ano anterior. De igual forma, as pensionistas galegas só percibiron como media o 66% das pensións do grupo de homes, empeorando sobre o ano anterior.

CUARTA. Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos, nenas ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 92,9% en 2022 son mulleres (lixeira melloría) e o 85,5% do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais tamén son mulleres.

CAPÍTULO 6 INICIO DA RELACIÓN LABORAL

PRIMEIRA. Se no ano 2021 se producira unha recuperación notable do número de empresas inscritas na Seguridade Social (logo da baixada do ano anterior), en 2022 non segue este crecemento, senón que se reduce lixeiramente o número. Fronte a este descenso, non se pode dicir o mesmo respecto de persoas traballadoras estranxeiras e respecto de afiliacións e altas na Seguridade Social, que continúan a senda de crecemento iniciada o ano anterior.

SEGUNDA. A 31 de decembro de 2022 o 74,01% das empresas de Galicia que contan con persoas asalariadas pertencen ao sector servizos, dando ocupación ao 72,55% das persoas traballadoras (no ano 2021 eran o 73,28% e daban ocupación ao 72,43%, e no ano 2020 o 73,57%, ocupando ao 71,85%). Descende o número total de empresas en 2022 en 1.521 empresas menos. O descenso prodúcese nas empresas con persoas asalariadas (778) e tamén nas autónomas sen persoal asalariado (1.413). Sendo as empresas organizadas xuridicamente baixo a fórmula de persoa xurídica o 61,58% do total, empregan o 90,72% das persoas traballadoras por conta allea (90,47% en 2021). Merece destacarse que en 2022 medra nun 13,22% o número de persoas traballadoras en empresas inscritas na Seguridade Social con contrato indefinido.

TERCEIRA. Segue a tendencia á alza dos cinco anos anteriores á pandemia (durante esta, diminuíu), respecto do número de persoas afiliadas á Seguridade Social (40.700 afiliadas máis), superando, no caso de Galicia, as cifras de 2012 (primeiro ano que se recolle no correspondente cadro evolutivo), e situándose en parámetros superiores a 2017. Se a recuperación de persoas afiliadas en 2021 situouse principalmente no réxime xeral, en 2022 mantén a mesma preferencia. Por sectores, a meirande parte das persoas traballadoras afiliadas e en alta sitúanse no sector servizos, seguido de industria, construción e agrario, por ese orde. Ascende en máis de 3.946 o número de contratos concertados con persoas traballadoras estranxeiras, máis de 4.000 delas concentradas no sector servizos e maioritariamente baixo fórmulas de contratación temporal, baixando lixeiramente en agrario e industria. Das contratacións a persoas estranxeiras en 2022, ascende proporcionalmente de forma máis acusada a contratación de persoas comunitarias.

CAPÍTULO 7 CONTRATACIÓN

PRIMEIRA. No ano 2022 baixa o número total de contratos totais, pero se multiplica por cinco o número de contratos indefinidos. No caso do Estado ata os 5.675.962 e no caso de Galicia ata os 201.029. Cómpre mencionar que en 2022 se concertaron en Galicia 59.138 contratos fixos descontínuos, sendo o 29,32% das contratacións das mulleres.

SEGUNDA. A rotación do asalariado galego (número de contratos eventuais que, por termo medio, se concertan con cada asalariado temporal) racha coa tendencia de anos anteriores e baixa. Pontevedra e A Coruña, por esa orde, son as provincias nas que máis baixa. Nas catro provincias galegas baixa a contratación temporal e sube a indefinida.

TERCEIRA. Mantense unha maior porcentaxe de persoal asalariado temporal, especialmente no colectivo feminino, e tamén se manteñen as distancias entre o grupo de homes e de mulleres entre 2021 e 2022. Seguen existindo determinas modalidades contractuais maioritariamente femininas como son o contrato de interinidade ou os concertados a tempo parcial, e outras maioritariamente masculinas como o contrato de relevo ou xubilación parcial. Por sectores de actividade, só no sector servizos a contratación das mulleres supera á dos homes.

CAPÍTULO 8 A NEGOCIACIÓN COLECTIVA

PRIMEIRA. A 31 de decembro de 2022 existen en Galicia 1.040 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, dos cales 123 son de sector e 917 de empresa. Asináronse por primeira vez este ano 8 convenios de empresa que afectan a 413 persoas traballadoras (270 homes e 143 mulleres) e 1 convenio de sector, o de comercio vario da provincia de Pontevedra que afecta a 12.500 persoas traballadoras (3.750 homes e 8.750 mulleres).

SEGUNDA. Durante o ano 2022 asináronse e/ou revisáronse 131 convenios colectivos (110 convenios asinados e 21 revisados), dos que 22 son de sector (14 convenios asinados e 8 revisados) e 109 son de empresa (96 convenios asinados e 13 revisados).

Afectaron estes convenios a 198.052 persoas traballadoras, das que 107.981 son homes e 90.071 mulleres.

TERCEIRA. O incremento salarial pactado (media ponderada) nos convenios asinados e revisados este ano en Galicia foi do 4,76%, media inferior ao IPC galego (6,4%) e ao estatal (5,7%).

Recollen cláusulas de revisión salarial o 40,91% dos convenios asinados e o 28,57% dos revisados este ano.

Teñen pactos de ultraactividade o 87,27% dos convenios asinados neste ano (o 85,71% dos de sector e o 87,50% dos de empresa).

A xornada media pactada (media ponderada) no ano 2022 foi de 1.772,69 horas, sendo nos convenios de empresa de 1.726,12 horas e nos de sector de 1.778,88 horas.

O 68,18% dos convenios colectivos asinados no ano 2022 establecen unha xornada anual inferior á máxima legal (11 convenios de sector e 64 de empresa).

CUARTA. Rexistráronse en 2022 en Galicia 16 inaplicacións de convenio que afectan a 285 persoas traballadoras, das que 112 son homes e 173 mulleres. As condicións de traballo que se inaplican refírense maioritariamente á contía salarial (81,25%), sendo dentro destas a redución do salario a que máis se produce (81,25%).

No 81,25% a composición da comisión negociadora correspóndese co establecido no artigo 41 do Estatuto dos traballadores (comisión dun máximo de tres membros integrada por persoas traballadoras da propia empresa e elixida por estas democraticamente). No 18,75% está constituída pola representación legal das persoas traballadoras.

Non acudiron en ningún caso á mediación do AGA nin á decisión do órgano tripartito.

O 50% das inaplicacións rexistradas en 2022 teñen lugar en empresas que teñen entre 1 e 5 persoas traballadoras e o 31,25% en empresas que teñen entre 6 e 30.

QUINTA. No ano 2022 existe participación de mulleres na comisión negociadora en 87 convenios, o 79,1% do total dos asinados este ano. Estes convenios afectan a 127.591 persoas traballadoras (o 98,3%), das que 60.380 son homes e 67.211 mulleres.

O número de mulleres que participaron nas comisións negociadoras foi de 94 mulleres por parte das empresas e/ou organizacións empresariais (un 29% fronte a 225 homes, un 71%) e 182 mulleres por parte das organizacións sindicais (un 26% fronte a 512 homes, un 74%).

CAPÍTULO 9 SINISTRALIDADE LABORAL

PRIMEIRA. En 2022, os accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia (28.209) supoñen unha baixada do 3,2% respecto dos de 2021 (29.146) e unha baixada do 10,8% respecto dos de 2019 (31.628), o ano anterior á pandemia. No conxunto do Estado (571.274) hai unha subida do 9,1% respecto de 2021 (523.800) e do 1,5% en relación cos de 2019 (562.756). No caso dos accidentes de traballo graves (436 en Galicia e 3.962 en España) hai unha baixada en Galicia do 3,3% respecto de 2021 (451) e do 12,1% respecto de 2019 (496). Mentres que en España hai unha suba do 1,7% respecto de 2021 (3.896) e unha baixada do 8,6% respecto de 2019 (4.335). Por último, no caso dos accidentes mortais (68 en Galicia e 711 no conxunto do Estado) hai una subida en Galicia do 38,8% respecto dos de 2021 (49), que é do 16,4% no caso de España (611); subida que en Galicia é do 21,4% respecto de 2019 (56) e en España do 27,4% (558). Ese total de accidentes en xornada de traballo con baixa en Galicia supón, en 2022, un 4,9% do total estatal, fronte ao 5,6% de 2021 e 2019. Non obstante, os accidentes graves, en 2022, supoñen o 11% dos acontecidos en toda España (o 11,6% en 2021 e o 11,4% en 2019), e os mortais, en 2022, o 9,6% (o 8,0% en 2021 e o 10,0% en 2019).

SEGUNDA. O 30,2% dos accidentes laborais ocorreu nos desprazamentos, sexan en xornada de traballo ou *in itinere*. A cifra é similar á dos seis últimos anos. Esta porcentaxe elévase nos accidentes graves ata o 40,6% (40,8% en 2021, o 43,7% en 2020 e o 42,7% en 2019) e medra aínda máis no caso dos mortais, pois supuxeron o 64,0% (o 46,3% en 2021, o 50,8% en 2020 e o 52,3% en 2019). É dicir, case que dous de cada tres dos accidentes de traballo mortais ocorridos en Galicia en 2022 tiveron como causa determinante inmediata un desprazamento. Estes datos alertan da importancia que teñen factores exógenos aos

centros de traballo na sinistralidade laboral e que, polo mesmo, deben estar moi presentes nas políticas de prevención de riscos laborais das empresas.

TERCEIRA. Analizando as cifras de accidentes ocorridos en xornada de traballo con baixa en todas as comunidades autónomas, Galicia ocupou, en 2022, o sétimo lugar en número total de accidentes (en 2018 e 2019, ocupara a quinta posición, e, en 2020 e 2021, a sexta) e tamén o sétimo lugar en accidentes leves (o sexto en 2018 e 2019 e 2021; en 2020, o quinto), precedida, neste último caso, por Andalucía, Castela-A Mancha, Cataluña, Comunidade Valenciana, Madrid e País Vasco (tamén igual que en 2018, 2019 e 2020, co engadido de Castela-A Mancha); o terceiro lugar no que atinxe aos accidentes graves, precedida neste caso tan só por Andalucía e Cataluña (de novo, igual que en 2018, 2019 e 2020 e 2021); e o quinto lugar no que ten que ver cos accidentes mortais (en 2018 e 2019 ocupara o cuarto lugar, e en 2020 e 2021 o quinto), precedida aquí a nosa comunidade autónoma por Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana e Madrid.

CUARTA. Respecto dos índices de incidencia, ven sendo habitual que Galicia teña, para o total dos accidentes de traballo, mellores índices de incidencia que o da maioría das comunidades autónomas, o que tamén ocorreu en 2022, en que o dato é o mellor desde 2009. Non obstante, ocorre algo ben distinto para o caso dos accidentes de traballo mortais en xornada de traballo: entre 2009 e 2022 Galicia estivo sempre entre as catro comunidades autónomas cun maior índice de incidencia. En 2022, só dúas comunidades autónomas tiveron un peor índice: Murcia e A Rioxa.

CAPÍTULO 10

CONFLITIVIDADE E MEDIOS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABALLO

PRIMEIRA. A recuperación que se produce no ano 2021 respecto da pandemia, en certa medida supuxo unha volta a parámetros de normalidade en todos os eidos sociolaborais, maniféstase en que medra o número de folgas en 119 folgas máis, as persoas participantes en 47.530 persoas máis, e non obstante, caen as xornadas non traballadas en 117.764 xornadas menos. No ano 2022 hai 73 folgas máis que no ano anterior, chegando a 679 folgas, medran en case 30.000 as xornadas non traballadas, pero hai 6.275 persoas folguistas menos que no ano anterior. No caso de Galicia, o sector da industria supera en máis do dobre o número de participantes, fronte ao ano 2021 que eran cifras moi parellas. En xornadas non traballadas é moi superior a cifra do sector da industria, que case multiplica por dúas as xornadas non traballadas nos servizos. Apréciase así mesmo en Galicia unha gran diferenza de cifras das folgas provinciais fronte ás estatais. Se durante 2021 foron realizadas 34 folgas, 33 provinciais e 1 autonómica, pode verse nos cadros 10.4 e 10.5 que no ano 2022 sube o número a 46 folgas (33 provinciais e 13 autonómicas), desagregándose por provincias as que foron de empresa ou de sector, e neste mesmo ano provincialmente crece tamén o número ata chegar a 33 folgas realizadas das 126 convocadas, case todas de empresa.

SEGUNDA. No que atinxe ao AGA, no ano 2022 iniciáronse 141 expedientes (33 máis que no ano anterior e o maior número desde que se asinou o acordo), que afectaron a 15.171 empresas (case 10.000 máis que no ano anterior) e 112.657 persoas traballadoras (case 50.000 máis que o ano anterior). Sobre o total de mediacións e arbitraxes levadas a cabo polo AGA, a efectividade acadada ao longo do ano 2022 foi do 75%, unha porcentaxe superior en seis puntos porcentuais á acadada no ano 2021. O 78,8% destes procedementos foron conciliacións ou mediacións que afectaron a 51.462 persoas traballadoras e 8.902 empresas. O 21,1% restante foron arbitraxes (triplica ao ano anterior) que afectaron a 1.135 persoas traballadoras e 14 empresas.

CAPÍTULO 11

REGULACIÓN DE EMPREGO E FOGASA

PRIMEIRA. As persoas afectadas en computo global das catro provincias galegas en 2022, descendeu un 45,5%. Este descenso deuse nos procedementos de suspensión e redución de xornada (-46%) e nos de despedimento colectivo (-25%).

Este descenso global segue estando moi lonxe dos datos previos á COVID-19.

En 2020 crease o Mecanismo RED de Flexibilidade e Estabilización do emprego para as axencias de viaxes. En Galicia aprobáronse 14 procedementos.

O maior número de persoas afectadas concéntrase no sector industrial, seguido do sector de servizos e tamén é neste sector onde se dá o maior descenso sobre o 2021.

Desagregando por sexo no 2022 en todas as medidas de regulación de emprego, hai máis homes afectados que mulleres (25% mulleres e 75% homes). Comparando Galicia co resto das CC.AA. apréciase que as prestacións percibidas na nosa comunidade supuxeron un 7% do total.

SEGUNDA. En Galicia redúcese o número de persoas afectadas polas resolucións do Fogasa nun 8%, mentres no conxunto do Estado a redución do número de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa chega ao 7% menos que en 2021. As provincia galega máis afectada polas ditas resolucións foron A Coruña e Pontevedra. O número de persoas afectadas so aumenta na Coruña, nas outras tres redúcese.

CAPÍTULO 12 PROTECCIÓN SOCIAL

PRIMEIRA. Galicia é unha das CC. AA. con maior porcentaxe de pensionistas, situándose en 2022 no 7,7%, unha porcentaxe moi superior á participación da poboación galega no total estatal (5,6%). En relación coa contía percibida, a pensión media en Galicia entre 2010 e 2022 incrementouse en 287,9 euros, mentres que a suba na media do Estado foi de 255,37 euros. Con todo, a diferenza entre a pensión media nacional e a de Galicia é de 95,1 euros en 2022.

SEGUNDA. O número de pensións do réxime xeral da Seguridade Social (446.000 en 2022) experimentan unha suba de 12.200 con respecto ao ano anterior. As provincias de Lugo e Ourense, con 52.800 e 64.400 pensións, cadansúa, representan conxuntamente o 26,3% das persoas perceptoras de pensións do réxime xeral en Galicia.

TERCEIRA. As 84.188 persoas beneficiarias das prestacións de desemprego en decembro de 2022 supoñen o 4,8% do total español, practicamente a mesma ratio que en 2021. O 45,8% perciben unha prestación contributiva (47,1% en 2021), o 48,3% unha asistencial (45,8% en 2021) e o 5,9% restante a renda activa de inserción (7,1% en 2021). Pola súa banda, as 1.761.916 persoas beneficiarias en España en decembro de 2022 (274.428 menos que en 2021) distribúense nunha proporción do 43,9% que perciben a prestación contributiva, o 50,1% a asistencial e o 6,0% o programa de activación para o emprego.

CUARTA. Galicia é sexta, despois de Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana, Madrid e Canarias no número de pensións non contributivas en 2022. As 37.103 persoas perceptoras de pensións non contributivas en 2022 representan o 8,3% do total estatal, moi por riba de CC. AA. con moito maior número de habitantes que Galicia, como pode ser o caso de Madrid.

CAPÍTULO 13 ELECCIÓNS SINDICAIS

ÚNICA. Analizando os resultados dos procesos electorais en Galicia do período 2019/2022 conséntase que a Confederación Intersindical Galega (CIG), cun resultado do 29,60% do total de persoas elixidas, é quen obtivo maior número de representantes, seguida polo Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, co 26,68%; e da Unión Xeral de Traballadores (UGT-Galicia), co 25,26%. O resto das entidades sindicais obtiveron un resultado global que non chegou ao 19%. En todos os casos, os resultados son practicamente idénticos aos do período 2018/2021.

Ademais, no período reflectido, a CIG é primeira forza sindical na Coruña e Pontevedra, e terceira en Lugo e Ourense. CCOO foi primeira forza en Lugo e segunda na Coruña, Ourense e Pontevedra; mentres que UGT resultou ser primeira forza sindical en Ourense, segunda en Lugo e terceira na Coruña e Pontevedra. Tampouco aquí houbo variación ningunha respecto do período 2018/2021.

CGRL.GAL/ES

